



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/39	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de setembro de 2018
Duración	Desde as 13:15 ata as 13:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 21 e 28 de agosto de 2018

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO
MARIANO ABALO COSTA
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
TANIA CASTRO PAREDES
XOSE MANUEL PAZOS VARELA
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS

En contra

Abstencións

ÁNGELA VIZOSO MARCOS

Ausentes

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local realizadas os días 21 e 28 de agosto de 2018.

Expediente 4297/2018. Solicitud de sinalización

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda deixar este punto da orde do día sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

Expediente 303/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda deixar este punto da orde do día sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

Expediente 2892/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2892/2018 .- Outorgar a E.M.E.M.L., titular do DNI nº X, con enderezo a

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

efectos de notificacións en rúa Arrecife, nº 8-1ºE-Cangas, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN, construír unha vivenda unifamiliar de 209,16 m²., de soto; 158,03 m²., de planta baixa; 55,70 m²., de primeiro andar; e 114,32 m²., de terrazas-escaleiras, en parcela sita en Cunchido de Abaixo-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico básico e de execución elaborado pola arquitecta A.G.B. visado o 15.11.2017. Condicionada a cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cento vinte e catro mil douscentos setenta e nove euros con trinta e sete céntimos (124.279,37 €).

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositada en Abanca en data 14.08.2018, por importe de trescentos euros (300,00 €) e a cesión para ampliación do vieiro municipal nunha superficie de 20,46 m²., en acta de comparencia de data 27.10.2016.

Expediente 3730/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3730/2018.- Outorgar a J.S.V., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Alfredo Saralegui, nº 7- Cangas, licenza de obra para reforma de cuberta de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto J.L.D.G., visado o 16 de xullo de 2018. A licenza outorgarase condicionada ao cumprimento do establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e, por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a vinte mil setecentos trinta e un euros con setenta e catro céntimos (20.731,74 €).

Expediente 4058/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda deixar este punto da orde do día sobre a mesa, pendente de mellor estudo para revisión da referencia catastral.

Expediente 3815/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3815/2018.- Outorgar a D.L.P., con enderezo electrónico a efectos de notificacións en X, titular do DNI nº X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN+, construír unha vivenda unifamiliar de 28,50 m²., de semisoto; 72,20 m²., de planta baixa; 30,80 m²., de primeiro andar; e 24,40 m²., de terrazas-escaleiras, no lugar de Baixada a Francón (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polo arquitecto J.C.G. de data decembro de 2017. A licenza outórgase condicionada a que antes do

Concello de Cangas



inicio das obras deberá presentar proxecto de execución visado e oficios de dirección de obra e de execución destas, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cento dez mil cento dez euros (110.110,00 €); a liquidación efectúase por cento vinte e dous mil seiscientos un euros con noventa e cinco céntimos (122.601,95 €).

Expediente 4179/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4179/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D.D.L., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Fontepesada, nº 8A-A Madalena-Cangas, para reforma de baño en vivenda sita na Avda. de Ourense, nº 82-3º andar-porta 4 E (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data data 20 de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil douscentos noventa e nove euros (2.299,00 €).

Expediente 2198/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2198/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "FAROSILLEIRO SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Cánovas del Castillo, nº 12-1º-oficina 2-Vigo, para modificación da beirarrúa para acceso a garaxe sito en estrada de Bueu, nº 70-Vilariño (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta G.H.N. de data maio de 2018 e vista a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 27 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a catrocentos corenta euros con vinte céntimos (440,20 €).

Expediente 4180/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4180/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.V.H., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa das Antas, nº 6-Aldán, para construción de cerramento de parcela sita en rúa das Antas, nº 6-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).



Concello de Cangas

Expediente 3423/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3423/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por B.N.F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Xistro, nº 25A-Coiro, para pavimentación de acceso a vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto Fernando Baliño Pizcueta de data xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil euros (2.000,00 €).

Expediente 3886/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3886/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.J.G.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en subida a Montecarrasco, nº 32-A Rocha-Darbo, para cambio de material de cubrición en nave industrial sita na Avda. de José Graña, nº 54-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactado polo arquitecto técnico S.G.F. de data xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a vinte e dous mil cincocentos cincuenta e cinco euros con oitenta céntimos (22.555,80 €).

Expediente 4045/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4045/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "BITGALI ENXEÑERÍA SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Arrecife, nº 10-baixo-Cangas, para acondicionamento de local sen uso definido sito en rúa Vilaboa, nº 21 (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada pola arquitecta técnica M.G.B. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil novecentos trinta e un euros con noventa e sete céntimos (1.931,97 €).

Expediente 3329/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3329/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ACEGA ASESORES SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Méndez Núñez, nº 36-3º-Cangas, para cambio de lámina de cartel en edificación sita no

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada en data 26 de xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a douscentos euros (200,00 €).

Expediente 3740/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3740/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por L.A.L.B.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Simón Bolívar, nº 1-3º C (36203) Vigo, para substitución de material de cubrición en cuberta e cheminea de vivenda sita no lugar de Nerga, nº 41-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto F.M.P. en data agosto de 2018 e vista a declaración responsable presentada na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio en data 16 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a seis mil cincuenta e sete euros con vinte e tres céntimos (6.057,23 €).

Expediente 4087/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4087/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.V.P.H., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en camiño de Liméns, nº 21-O Hío, para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico S.G.F. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a oito mil seiscientos cinco euros con vinte céntimos (8.605,20 €).

Expediente 2328/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2328/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.C.M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Laxielas, nº 53-Navia-Vigo, para construción de cerramento e cubrición de cobertizo existente en parcela sita na Rosada, nº 74-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 28 de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos oitenta euros (1.280,00 €).

Expediente 1060/2018. Proposta da Alcaldía s/incoación de expediente sancionador para reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía de data 24.08.2018, referente a incoación de expediente sancionador para restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado a M.V.M. respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Santa Marta-Darbo, consistentes en: instalación dunha caseta prefabricada de plástico de superficie aprox. de 6 m2.

Visto que a resolución do expediente anteriormente citado considera as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M.V.M., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 a) da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle á infractora que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, a infractora amosa por escrito a súa conformidade a renunciar expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.V.M., de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; por infracción urbanística pola instalación dunha caseta prefabricada de plástico de superficie aprox. 6 m2., no lugar de Santa Marta-Darbo.

SEGUNDO.- Nomear como instrutora do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de



recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción, que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar á instrutora a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

Expediente 2577/2018. Proposta da Alcaldía s/incoación de expediente sancionador para reposición da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía de data 24.08.2018, referente a incoación de expediente sancionador para restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado a J.A.M.P. respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilariño-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento en espazo viario.

Visto que a resolución do expediente anteriormente citado considera as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados J.A.M.P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 a) da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle á infractora que as sancións



impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, a infractora amosa por escrito a súa conformidade a renunciar expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.A.M.P., de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; pola infracción urbanística realizar un cerramento en espazo viario, no lugar de Vilariño-O Hío.

SEGUNDO.- Nomear como instrutora do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar á instrutora a iniciación do expediente, con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

Expediente 698/2017. Proposta da instrutora do expediente s/caducidade de expediente sancionador por reposición da legalidade urbanística



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 28.08.2018 da xefa de urbanismo, como instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:</p> <p><i>"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística nº 25/2016, incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Parada-Coiro, consistentes en: realizar a substitución de barandas que coroan o muro/cerramento frontal, por unhas construcións de pedra a modo de almenas, a menos de 4,00 metros do eixo do camiño.</i></p> <p><i>Con data 27 de febreiro do 2017 pola Xunta de Goberno Local iníciase procedemento sancionador polos feitos mencionados dos que presuntamente é responsable J.J.C.</i></p> <p><i>Considerando que o artigo 164.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón, que o prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano, contado desde a data da súa iniciación e que dita resolución non foi ditada, procede declarar a caducidade do expediente sancionador en trámite.</i></p> <p><i>Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</i></p> <p>ACORDO</p> <p><i>PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente sancionador Nº 698/2017-25/2016, incoado a J.J.C., en concepto de promotor das obras realizadas no lugar de Parada-Coiro sen licenza para iso, logo do trascurso de máis de un ano desde o acordo de iniciación deste sen que se ditase resolución expresa, de conformidade co establecido no artigo 164.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, procedendo ao arquivo deste.</i></p> <p><i>SEGUNDO.- Notifíquese o acordo aos interesados".</i></p>	

Expediente 4271/2018. Aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e "Orange España Comunicaciones Fijas SAU", para despregamento de fibra óptica	
Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda denegar a proposta de data 29.08.2018 da xefa de urbanismo, referente a aprobación do borrador de convenio para despregamento de fibra óptica no termo municipal de Cangas.</p>	

Expediente 2248/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio de procedemento de licitación para a execución da obra "Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta" (Plan Concellos 2018-2019)
--



Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asenti
mento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 29.08.2018, referente a inicio de procedemento de licitación para a execución da obra “Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta”, que é como segue:

"Visto o proxecto redactado polos técnicos municipais, C.G.C. (aparelladora) e A.F.F. (delineante), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 27.03.2018 para a execución da obra 'Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta', cuxo orzamento ascende á cantidade de oitenta e catro mil trescentos corenta e dous euros con trinta e oito céntimos (84.342,38 €).

Visto que para a execución do citado proxecto a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante acordo adoptado en sesión de data 03.08.2018, concedeu ao Concello de Cangas unha subvención con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2018-2019, por importe de oitenta e catro mil trescentos corenta e dous euros con trinta e oito céntimos (84.342,38 €), distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	Fondos propios do Concello / Achegas doutras AAPP
2018	84.342,38 €	84.342,38 €	0,00 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Total	84.342,38 €	84.342,38 €	0,00 €

Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de licitación para a execución da obra 'Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta', incluída no Plan de obras e servizos da Deputación Provincial (Plan concellos 2018-2019).

SEGUNDO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".

Expediente 2241/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio de procedemento de licitación para a execución da obra “Nova capa de rodadura en vieiros municipais” (Plan Concellos 2018-



2019)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 29.08.2018, referente a inicio de procedemento de licitación para a execución da obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais", que é como segue:

"Visto o proxecto redactado polos técnicos municipais, C.G.C. (aparelladora) e A.F.F. (delineante), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 27.03.2018 para a execución da obra 'Nova capa de rodadura en vieiros municipais', cuxo orzamento ascende á cantidade de trescentos un mil noventa e oito euros con vinte e dous céntimos (301.098,22 €).

Visto que para a execución do citado proxecto a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante acordo adoptado en sesión de data 03.08.2018, concedeu ao Concello de Cangas unha subvención con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2018-2019, por importe de trescentos un mil noventa e oito euros con vinte e dous céntimos (301.098,22 €), distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	Fondos propios do Concello / Achegas doutras AAPP
2018	150.549,11 €	150.549,11 €	0,00 €
2019	150.549,11 €	150.549,11 €	0,00 €
Total	301.098,22 €	301.098,22 €	0,00 €

Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.

Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de licitación para a execución da obra 'Nova capa de rodadura en vieiros municipais', incluída no Plan de obras e servizos da Deputación Provincial (Plan concellos 2018-2019).

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850